

# #3401

Paredes, Vilaboa – Pontevedra, 2013

**Informante:** Felicia Insuela de Fofe

**Compilador:** Guillermo Ignacio Costa

**Transcripción da letra:** Guillermo Ignacio Costa



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Heite d'amar paxariño  
heite d'amar ghorriónhe  
Heite d'amar paxariño  
de día e de noite non  
Ai la la lara la la...

O carallo foi á cona  
pensando qu'era tallada (x 2)  
i-apretáronll'a cabeza  
ghomitou pola paxara  
Ai la la lara la la...

Eu aquí nunca cantei  
Eu aquí nunca cantei  
por se-la primeira vez  
non sei como salirei  
Ai la la lara la la...

I a cona que non ten fondo  
ai a cona fondo tenhe  
se o carallo é pequeno  
a cona que culpa tenhe  
Ai la la lara la la...

As mociñas de Paredes  
teñen as pernas d'arame  
i-un pouquiño máis arriba  
un bicho con muita fame  
Ai la la lara la la...

## #3401

I-a puta da miña amigha  
foi levar a cona ao tallo  
e deron de contrapeso  
a cabeza do carallo  
Ai la la lara la la...

O carallo lévao tu  
a min non me fai proveito  
faima cosquillas na cona  
á noite cando me deito  
Ai la la lara la la...